

PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

CEIP de Tarrío
Culleredo

CEIP de TARRÍO
CULLEREDO

INDICE

1	ANÁLISE DE CONTEXTO.....	2
1.1	AS ORIXES DO CENTRO	2
1.2	DATOS IDENTIFICATIVOS	3
2	NOTAS DE IDENTIDADE.....	4
3	OBXECTIVOS DO CENTRO.....	7
4	LIÑA METODOLÓXICA.....	8
5	PLANS, PROGRAMAS E PROXECTOS QUE DESENVOLVEN O PEC.....	10
6	ANEXOS	11
I.	CONCRECIÓN CURRICULAR.....	11
II.	NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO. PLAN DE CONVIVENCIA	11
III.	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	11
IV.	PLAN DE ORIENTACIÓN. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL. PLAN DE ACOLLIDA.....	11
V.	PROXECTO LECTOR	11
VI.	PLAN DE BIBLIOTECA.....	11
VII.	PROXECTO DE EDUCACIÓN DIXITAL.....	11
VIII.	PROXECTO LINGÜÍSTICO	11
IX.	PLAN DE XESTIÓN.....	11



1 ANÁLISE DE CONTEXTO

1.1 AS ORIXES DO CENTRO

Era o ano 1973 cando se inaugurou o Colexio de Tarrío nuns terreos cedidos por Barrié de La Maza. Daquela un lugar alonxado da maior parte dos núcleos de poboación que integrarían o seu alumnado. Un lugar ao que probablemente non se lle podería sacar ningún proveito mellor.

E construíuse un centro escolar diferente a outros xa existentes. Con moitas máis instalacións, amplo, ben dotado de laboratorios e salas, cun deportivo independente das aulas e cun edificio administrativo.

Un gran centro onde se integrarían as distintas escolas esparcidas ao longo e ancho de Culleredo e que aglutinaría a multitude de nenos e nenas. A lonxanía aos fogares dos rapaces e rapazas acarrearía a necesidade de poñer a funcionar un comedor escolar e unha rede de autobuses que permitisen o acceso ao centro desde calquera punto do concello.

Eran outros tempos, outro momento social e histórico o que se vivía daquela. Eran tempos máis escuros, máis tristes, máis impregnados de pasado que de futuro. Estabamos aínda baixo o control da ditadura e non se avistaba aínda o tempo da democracia. Pero era xa unha ditadura agónica, un final de etapa que abría as portas a un mundo descoñecido, un mundo por facer.

E nese novo mundo a educación tería que ocupar un lugar de primeira magnitude. Porque só a educación podería dar o que a desigualdade social, a discriminación por xénero, a insensibilidade diante das distintas discapacidades negaban: as mesmas oportunidades para todos.

Ofertar unha educación de calidade foi sempre a traxectoria deste centro, como foi sempre que todos os que a el acudían se sentisen acollidos, queridos e respectados. Eles e as súas familias. Este foi, na meirande parte da súa pequena historia, o distintivo que fixo do colexio de Tarrío un centro singular.

Un centro que, incluso cando non estaba tan bonito como está agora, cando vivía un estado físico lamentable, resultaba cálido e familiar.

Ao longo destes anos foron pasando multitude de persoas que con maior ou menor acerto foron deixando a súa pegada no corazón e no recordo de moitas xeracións.

Aquí recibimos a fillos e fillas, netos e netas de exalumn@s e nesta dinámica familiar que caracteriza ao noso centro tamén se van involucrando as familias que chegan, sentindo todos o colexio como propio.

Foron pasando mestres, mestras, cociñeiras, conserxes, pais, nais. E todos contribuíron a darlle ao noso colexio unha personalidade propia, unha forma de proxectarse única e especial.

Se meditamos no noso presente recuperaremos voces antigas, presenzas de moitas persoas que pasaron antes e que nos regalaron o mellor delas mesmas.

Se pensamos no noso futuro aunaremos esforzos por seguir sendo un referente no mundo educativo de Galicia, por seguir acollendo con entusiasmo a todos os que se acheguen ás nosas portas, por darlles calidade e calidez.

Porque a nosa historia continúa e, lonxe xa daqueles tempos da ditadura nos que o colexio de Tarrío naceu, hoxe, atentos a non perder ningún dos dereitos democráticos gañados, temos un obxectivo que cumprir e polo que vale a pena loitar: unha educación pública de calidade para todos e todas baseada no respecto ás crenzas, á non discriminación por xénero, procedencia, estatus social... Unha educación que nos permita formar cidadáns libres e responsables que engrandezan a nosa sociedade.

1.2 DATOS IDENTIFICATIVOS

O CEIP de Tarrío, está situado en Culleredo, concello limítrofe co de A Coruña, no que se poden distinguir dúas zonas: unha zona urbana, en continuo crecemento e cunha grandísima densidade de poboación e que comprende as parroquias de O Burgo, Rutis e Almeiras – que son as máis próximas ó concello de A Coruña- e, unha zona rural cunha densidade de poboación moi baixa que non alcanza os 100 hab/km (Castelo, Celas, Ledoño, Orro, Sésamo, Sueiro e Veiga) salvo a parroquia de Culleredo onde está Tarrío a capital do concello.

O noso colexio, ubicado na zona máis rural do concello, tivo un período de grandes cambios. Cambios tan substanciais que pasaron a formar parte da súa propia personalidade.

Non é posible iniciar esta análise sen facer constar que despois de 33 anos de existencia como centro de primaria, escolarizamos alumnado de educación infantil por mor do incremento de matrícula nas zonas máis urbanas do Concello. Este feito, ademais dos consecuentes cambios organizativos e de adecuación de espazos, trouxo consigo o esperado cambio no noso centro: deixar de ser CEP para convertermos en CEIP.

Durante os últimos cursos, houbo un cambio moi significativo na composición do alumnado deste centro. Hai algúns anos predominaba o alumnado procedente das parroquias máis rurais do concello. Na actualidade estamos a ser testemuñas dun cambio na proporción e do aumento da matrícula. O actual centro de Tarrío ten case un 50% máis de matrícula que fai uns anos e este incremento procede das parroquias mais urbanizadas do noso concello.

Estes cambios supuxeron grandes esforzos para unha axeitada acollida do novo alumnado. As novas familias que se incorporan ao centro, que na súa maioría pertencen

a outras zonas de escolarización, non teñen o mesmo denominador común que as familias de sempre, todas elas ligadas á vida do centro, que senten como propio porque nel estudiaaron eles ou alguén da súa familia. Este foi un gran reto nestes anos: non deixar de ser quen somos incorporando aos novos pais e nais na dinámica deste colexio, co mesmo espírito familiar que nos caracteriza.

2 NOTAS DE IDENTIDADE

A identidade do centro non xurde de forma "espontánea". Polo contrario, trátase dunha construción que os membros da comunidade realizan a partires da cultura que posúen, nun contexto determinado e a partires dunha participación comprometida.

Dita participación é un vehículo para o desenvolvemento de sentimentos de pertenza.

Se ben non hai fórmulas únicas para lograr unha adecuada creación de vínculos entre os membros dunha institución educativa, cremos que si hai criterios baseados en idearios que se consideran básicos:

PÚBLICA

A educación no centro é un servizo público, no pleno sentido da palabra. O noso centro asume e defende uns valores ao servizo de interese xeral, definido polas persoas e grupos implicados socialmente, tendo en conta as particularidades dos diferentes entornas e tamén dos sectores mais desfavorecidos. Cumprindo o seu papel de servizo público, se implica no entorno, nos seus problemas, a súa historia, as súas necesidades, a súa identidade... asumindo os recursos sociais como propios e considerándose así mesmo como un recurso social máis.

DEMOCRÁTICA

O centro velará por unha escola onde se encha de contido a palabra participación e corresponsabilidade.

Por unha escola onde a transparencia informativa e diálogo permanente sexan o fío condutor de todas as accións.

Por un centro participativo e aberto ó entorno onde cada un dos membros da comunidade educativa teña xeito de participar na consecución de obxectivos comúns.

PLURAL

Como escola plural ideolóxica e culturalmente, o centro é un espazo laico e aconfesional, que garante a liberdade de expresión. Sen embargo, promovemos unha educación de acordo con valores universalmente recoñecidos, como son a xustiza social, a solidariedade, a cooperación, a tolerancia, a igualdade sen distinción de grupos humanos e de sexo, o respecto a identidade cultural e lingüística, así como a resolución pacífica dos conflitos.

CULTURA DA PAZ

Un dos obxectivos da educación para a paz é ter unha confianza incondicional nas persoas. Nos promovemos experiencias que fagan crecer nos alumnos e alumnas, e así na sociedade, o campo dos dereitos da persoa.

Facemos viable a cultura da paz a través do tipo de relacións interpersoais que se establecen entre docente- alumn@, entre os nenos/as e os seus compañeiros/as, entre as relacións xerárquicas do persoal da escola, e por suposto, na relación que a institución establece coas familias. Desta forma, a cultura escolar é entendida como unha rede complexa de interaccións onde se pode estar construíndo a cultura da paz.

Cremos nunha cultura escolar promotora da paz que desenvolva unha actitude de respecto mutuo, na igualdade das persoas, na tolerancia e o amor mutuo, determinantes na resolución pacífica de conflitos, así como na promoción e desenvolvemento dun pensamento autónomo.

O NOSO LOGO

Un 30 de xaneiro, día escolar pola paz, naceu un logotipo para o noso colexio.

Un logotipo que pretende sintetizar a nosa imaxe e personalidade propias.

Un dos obxectivos do centro é poñer en valor as nosas señas de identidade. Por eso buscamos unha imaxe que reflexe quen somos e o que pretendemos: o gusto pola lectura, a cultura da paz, a defensa do medio ambiente...

Esta idea foi tomando forma ata chegar á imaxe que presentamos, froito do lapis de Bene Tielas, que ademais de ser amiga do colexio é artista e ilustradora de libros.

Cremos que este logo sintetiza os elementos que nos definen: unha pomba-árbore nacida do nome do centro que acolle e protexe baixo á súa sombra aos nosos nenos e nenas.

FLEXIBLE

O noso centro adáptase ás distintas necesidades dos seus membros e atenderá especialmente á diversidade social, cultural, psicolóxica.. dos mesmos.

Somos unha escola aberta aos cambios e á innovación, fomentando a aplicación de novos métodos, recursos, instrumentos, técnicas educativas e tecnolóxicas; actualizando materias e contidos, e potenciando a formación permanente de todos.

INCLUSIVA

A intervención educativa contemplará como principio a diversidade do alumando, entendendo que deste modo se garante o desenvolvemento de todos eles á vez que unha atención personalizada en función das necesidades de cada un. Neste centro a diversidade é un valor.

Proporcionarase a cada alumno/a, en función das súas capacidades e aptitudes, motivacións e intereses e ritmos de aprendizaxe, a resposta educativa que precisa en cada situación escolar para que poda crear e desenvolver o seu proxecto persoal e social.

Non homoxeneizar; trátase de admitir a diferenza como pauta fundamental dentro da dinámica do grupo.

Unha escola onde ademais de transmitir coñecementos se axude a conformar a actitude e escala de valores. E que eses valores común para a vida e a convivencia sexan compartidos pola comunidade educativa.

Un centro que sexa un lugar de traballo e formación agradable onde ninguén se sinta discriminado.

COEDUCADORA

Como centro identificámonos con un traballo orientado polos valores da coeducación: comprometéndonos pois a orientar a actividade para unha educación na igualdade sen discriminacións por razón de sexo e superadora de mitos e tabús sexistas.

LECTORA E ESCRITORA

A lectura é unha das pedras angulares para a adquisición de coñecemento. A súa aprendizaxe acompañará ao noso alumnado ao longo das súas vidas e permitirá que adquiran coñecemento e que entendan o mundo e todo o que lles rodea.

A competencia lectora e escritora constitúe un elemento insubstituíble de inclusión e integración na sociedade, converténdose, polo tanto, nun importante factor de calidade educativa.

Dende educación infantil ata o último curso de primaria traballamos a lectura e a escritura como un proceso de longo recorrido, e, lonxe de entenderse como un conxunto de acción puntuais e independentes, vertebramos todas as actuacións do centro en torno ao proceso lector e escritor do noso alumnado dun xeito significativo e funcional.

MEDIO AMBIENTE

Na escola queremos que os nenos aprendan a vivir en harmonía co medio ambiente, permitíndolles un novo estilo de vida. Concibimos a educación ambiental como un proceso permanente no que os individuos e a colectividade toman conciencia do seu entorno e adquiren os coñecementos, valores, competencias, experiencia e a vontade que lles permita actuar, individual e colectivamente, para resolver os problemas actuais e futuros do medio ambiente.

Asumimos entón como obxectivo a potenciación e transmisión de valores de defensa da Natureza e do Medio Ambiente.

CENTRO DIXITAL

Nunha cultura na que o uso das TIC está tan estendido, as nosas aulas tamén son un bo lugar para aproveitar o que nos poden aportar e ensinar aos nenos e nenas a usalas de xeito consciente e seguro.

O uso das Tic no centro exemplifícase baixo tres puntos de vista: como obxecto de aprendizaxe, como medio para aprender e como apoio á aprendizaxe.

ORIENTADORA

O centro orientará ao alumnado para un maior aproveitamento das súas capacidades e o seu pleno desenvolvemento como persoa íntegra. Na que se inculque o respecto a unhas normas de convivencia e déase solución a problemas tanto persoais como de grupo.

3 OBXECTIVOS DO CENTRO

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
<p>Manter o bo clima do centro e favorecer o traballo en equipo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ○ Acoller ao novo persoal do centro. ○ Manter a actual implicación do persoal do centro. ○ Organizar a información escolar. ○ Potenciar a CCP ○ Favorecer a coordinación do profesorado. ○ Empregar distintas estratexias para que a comunicación sexa fluída e operativa entre todos os sectores. ○ Levar a cabo actividades que fomenten a relación entre os membros da Comunidade Educativa. ○ Co-implicar ás familias nas actividades do centro. ○ Incrementar a cooperación da/coa ANPA na vida escolar. ○ Favorecer a participación dos exalumn@s nas actividades do centro.
<p>Poñer en valor as señas de identidade do noso centro.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ○ Difundir a imaxe e a personalidade propia do centro. ○ Manter a calidade do comedor escolar. ○ Manter o servizo de transporte adecuado ás necesidades das familias. ○ Diversificar os horarios do centro. ○ Potenciar os proxectos identitarios do centro.
<p>Favorecer a convivencia e a educación en valores.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ○ Aplicar e difundir o plan de convivencia do centro. ○ Contemplan como un tema transversal o valor da igualdade e a coeducación. ○ Realizar actividades que favorezan o coñecemento e aprecio polos outros. ○ Aplicar cotidianamente os principios pedagóxicos da educación en valores. ○ Acoller adecuadamente ó alumnado, profesorado e familias novas no centro. ○ Aplicar os criterios de distribución do alumnado. ○ Facer de todos os espazos do centro un marco agradable de convivencia.
<p>Mellorar o proceso ensino aprendizaxe</p>	<ul style="list-style-type: none"> ○ Fixar estratexias didácticas de atención á diversidade contempladas no PXAD e no PAT. ○ Aplicar as probas de competencia curricular nas áreas instrumentais en todos os cursos. ○ Diseñar a oferta educativa para aqueles que non reciban ensinanzas de relixión. ○ Buscar unha maior implicación das familias no proceso de ensino - aprendizaxe. ○ Elaborar un plan de saídas escolares. ○ Avaliación do centro: impulsar procesos de avaliación internos e externos.

Impulsar os proxectos de innovación educativa e de formación do profesorado.	<ul style="list-style-type: none"> ○ Potenciar a nosa biblioteca como núcleo vertebrador das actividades docentes do centro. ○ Utilización das novas tecnoloxías como recurso didáctico no proceso de ensino aprendizaxe. ○ Facilitar e promover a formación do profesorado.
Revisar/elaborar os principais documentos do centro.	<ul style="list-style-type: none"> ○ Actualizar os documentos. ○ Dar a coñecer os plans e documentos do centro.
Mellorar a xestión administrativa do centro	<ul style="list-style-type: none"> ○ Manter a xestión administrativa e académica a través da Xadeweb ○ Elaborar os documentos administrativos necesarios.
Incrementar os recursos humanos	<ul style="list-style-type: none"> ○ Manter o incremento de profesorado para facilitar agrupamentos, reforzos, apoio á dirección...
Adecuación dos espazos ó crecemento do centro e mellora das instalacións	<ul style="list-style-type: none"> ○ Mantemento das instalacións ○ Mellora do centro
Mellorar e ampliar as relacións coa contorna	<ul style="list-style-type: none"> ○ Sistematizar reunións de coordinación cos centros adscritos. ○ Coordinar accións comúns cos centros públicos do entorno. ○ Potenciar as relacións co Concello ○ Impulsar a creación da Asociación de exalumn@s ○ Favorecer a participación das Asociacións socioculturais, deportivas... da zona.

4 LIÑA METODOLÓXICA

Se ben as liñas metodolóxicas non están baseadas nun so método, pois cada mestre aporta un estilo propio froito da súa experiencia persoal, preténdese marcar unha liña metodolóxica que equilibre todos os estilos.

- Terase en conta as peculiaridades do grupo e os ritmos de aprendizaxe de cada alumno/a en concreto.
- Deberemos promover a autonomía no propio proceso de aprendizaxe.
- Daremos un enfoque globalizador nas aprendizaxes, o que nos leva a organizar os contidos en torno a eixos que permitan abordar os problemas, situacións e acontecementos dentro dun contexto e na súa globalidade.
- Sempre que sexa posible, partírase da propia experiencia do alumnado para que as actividades de ensino e aprendizaxe se engancen coas súas propias vivencias persoais.
- Hai que proporcionar ao alumno a información da situación en que se atopa o seu proceso de aprendizaxe, facéndolle tomar conciencia das súas posibilidades e das dificultades que terá que superar; para iso haberá que especificarlle claramente

os obxectivos que pretendemos conseguir, así como motivarlle para que os consiga.

- Deberemos impulsar as relacións entre iguais proporcionando pautas que permitan confrontar os distintos puntos de vista, tomar decisións colectivas, superar as dificultades mediante o diálogo e a cooperación, así como que se axuden mutuamente.
- Hai que facilitar a construción de aprendizaxes significativas deseñando actividades de ensino e aprendizaxe que permitan aos alumnos/ as establecer relacións adecuadas entre o que eles saben e as novas aprendizaxes que se lles imparten.
- Utilizaranse diferentes tipos de agrupamento fomentando a socialización sen esquecer o traballo individual.
- O que esperamos dunha persoa, así como a valoración do seu traballo, deberá estar en consonancia co proceso de ensino-aprendizaxe que seguísemos na aula.
- Aprender é facer, experimentar, reaccionar, vivir a acción.

A nosa escola, ademais de ser un centro de formación académica, constitúe tamén un espazo afectivo dende o cal os nenos e nenas fórmanse como persoas. Nos primeiros anos de escolaridade o sentirse parte dun todo, o percibir apoio dos docentes e das familias, o comprobar que se é valorado, involucra tanto aos alumnos como aos propios docentes, dado que profundiza e fortalece o espírito de pertenza, propiciando un ambiente apto para o desenvolvemento de ideas, accións e actitudes.


Debe crearse dende a escola a posibilidade de crear vínculos con ela dende a dimensión afectiva – emocional pois isto implica unha adhesión ao grupo de pertenza, variable indispensable que incidirá exponencialmente no proceso educativo.

Xa en Educación Infantil, primeiro paso na escolarización do neno, inténtase con sumo respecto cara o alumando adaptar o entorno de aprendizaxe ao seu nivel de desenvolvemento. O propósito básico deste método é liberar o potencial de cada neno. Nos traballos por proxectos, nos recantos, nos talleres... apostamos por un método educativo caracterizado por poñer énfase na actividade dirixida polo neno e a observación por parte do mestre.

Esta “forma” de traballar trasládase ao último ciclo de primaria no que, coas súas tarefas favorecen o desenvolvemento de diferentes competencias e a aplicación de contidos propios de distintas áreas do coñecemento. A tarefa implica acción nun contexto.

Nestes novos tempos da Educación búscanse novos métodos, novas estratexias, novas vías para coñecer e chegar realmente ao corazón dos intereses dos nosos alumnos. Pouco a pouco estamos cambiando o rol do alumno e do profesor, intentando plantexar tarefas onde os alumnos do noso centro sexan os protagonistas.

5 PLANS, PROGRAMAS E PROXECTOS QUE DESENVOLVEN O PEC



6 ANEXOS

- I. CONCRECIÓN CURRICULAR
- II. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO. PLAN DE CONVIVENCIA
- III. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- IV. PLAN DE ORIENTACIÓN. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL. PLAN DE ACOLLIDA
- V. PROXECTO LECTOR
- VI. PLAN DE BIBLIOTECA
- VII. PROXECTO DE EDUCACIÓN DIXITAL
- VIII. PROXECTO LINGÜÍSTICO
- IX. PLAN DE XESTIÓN



CEIP de TARRIÓ
UCULLEREDO